

DOMINGO 11 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Ez 17, 22-24

Enxalzou a árbore humilde

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE EZEQUIEL

Así fala o meu Señor, Iavé:

- Eu collerei das ramas do cedro a máis alta e fixareina;
dos gallos máis novos arrincarei un retoño,
e plantareino nun monte alto e elevado,
no monte elevado de Israel plantareino;
botará gromos e dará froitos
e volverase un cedro magnífico;
aniñarán debaixo del todos os paxariños,
todas as aves aniñarán á sombra das súas ramas.
Entón todas as árbores do monte
caerán na conta de que eu, o Señor,
derreo a árbore ergueita
e levanto a árbore derreada;
seco a árbore verde
e fago florecer a árbore seca.
Eu, o Señor, díxeno e fareino.

SALMO RESPONSORIAL Sal 91, 2-3. 13-14. 15-16

R/ (cf 2a): É bo louvarte, Señor

É bo louvarte, Señor,
Cantar o teu nome, Altísimo,
pregoar de mañá o teu amor
e de noite a túa fidelidade,

Os xustos medrarán coma palmeiras,
ergueranse coma cedros do Líbano.
Plantados na casa do Señor,
florecerán nos adros do noso Deus.

Aínda na vellez seguirán dando froito,
estarán fortes e frescos,
para pregoar que recto é o Señor,
a miña rocha, en quen non hai iniquidade.

SEGUNDA 2 Cor 5, 6-10

Ora continuemos neste domicilio ora nos afastemos del, aneiamos agradarlle ao Señor

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Estamos sempre cheos de ánimo por sabermos que, mentres o corpo sexa o noso domicilio, vivimos coma desterrados lonxe do Señor, e seguimos camiñando guiados pola fe, non polo que se ve. E con este ánimo, preferimos desterrarnos do corpo e habitar a carón do Señor. En todo caso, ora continuemos neste domicilio ora nos afastemos del, aneiamos agradarlle. Porque todos teremos que comparecer tal como somos perante o tribunal de Cristo, para que cada un recolla o seu merecido polo que teña feito mentres vivía no corpo: ben ou mal.

ALELUIA

A semente é a Palabra de Deus, o sementador é Cristo; quen o encontra, vivirá eternamente

DOMINGO 11 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 4, 26-34

A máis pequena das sementes faise o máis grande dos arbustos

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Dille Xesús á multitude:

- Así é o Reino de Deus: coma un home que bota a semente na terra, e, durma ou estea esperto, sexa de noite ou de día, a semente agroma e medra, sen que el chegue a saber como. A terra vai dando froito por si mesma: primeiro herba, logo espigas, e por último o gran ben abundante na espiga. E cando xa está maduro o froito, de seguida se lle mete o fouciño por ser o tempo da seitura.

E tamén dicía:

- Con que compararemos o Reino de Deus? É coma o gran de mostaza, que cando se sementa na terra é a máis miúda de todas as sementes. Pero despois de sementala, medra ata ser a maior de todas as hortalizas, chegando a botar unhas polas tan grandes que na súa sombra poden vir aniñar os paxaros.

E así con moitas comparanzas coma estas, íalles mostrando a mensaxe, de xeito que puidesen entender. Non lles falaba máis que en parábolas, pero logo explicáballelas aos seus discípulos.